TOTAL						8,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os mínimos esixibles son os especificados no apartado 4.

Para superar positivamente o módulo profesional aplicaranse os seguintes criterios de avaliación:

¿ Realizaranse Probas Obxectivas e Tarefas de coñecemento con contido teórico, práctico ou teórico-práctico. Estas Probas e Tarefas serán puntuadas entre 1 e 10 puntos debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos para superar a proba.

¿ Valorarase a Participación, realización de Actividades, sendo necesario ter entregadas todas actividades propostas



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Deberase ter en conta que este módulo dispón de contidos claramente diferenciados (parte contable, Fiscal, compravenda, etc.), e a súa vez integradores.

Estes contidos atópanse concentrados en UD, coa excepción da parte contable que repártese entre a UD2 e UD6, polo que ao ser acumulativa o alumno/a que supere a unidade 6 (na que se inclúe a unidade 2), ten automaticamente superada a unidade 6 e o alumno/a que non supere a unidade 6, tampoco terá superada a unidade 2

Rexeitar que os contidos de cada una das partes intégranse no resto e suman de xeito global

Cualificacións trimestrais de avaliación.

A nota trimestral calcularase, en base a 2 conceptos, do seguinte xeito:

¿ Probas obxectivas (exames), e Tarefas de coñecemento. A nota media destas probas obxectivas realizadas no trimestre ponderará como mínimo nun 90% da nota trimestral de avaliación. A estes efectos a nota media obtida nos exames realizados no trimestre multiplicase por 0,90. Non obstante hai que ter en conta que e posible que algunha UD poda ser avaliada mediante a entrega dun traballo ou Tarefa, en este caso dita entrega será obrigatoria e incluírase neste 90 %

¿ A Participación e realización de Actividades ponderará como máximo un 10% da nota trimestral de avaliación. A estes efectos a nota media obtida por participación multiplicase por 0,10 e valorarase: a realización de exercicios, a participación en clase e a realización de traballos e outras actividades propostos polo/a profesor/a. Se nalgún trimestre non se propoñen actividades que puntúen como participación ou estas son escasas, todo ou parte da nota de "participación" acumularase ás probas obxectivas.

Para aprobar a avaliación trimestral o/a alumno/a deberá ter

- aprobadas todas as probas obxectivas realizadas cunha nota global de 5 ou superior
- E ter entregados os traballos e Tarefas cando a avaliación da UD así o esixa.

Se a nota global resultante é de 5 ou superior e ten suspensa algunha proba obxectiva a nota trimestral será de 4 e terá que recuperar a parte da que foi avaliado negativamente

Cualificación final.

Para superar o módulo o alumno deberá ter

- aprobadas todas as probas obxectivas realizadas cunha nota global de 5 ou superior
- e ter entregados os traballos e Tarefas cando a avaliación da UD así o esixa.

Ter en conta que a parte contable desenvolvida nas Unidades 2 e 6 son acumulativas polo que o alumno que suspenda a unidade 6 terá incluída a materia da unidade 2, e o que suspenda a unidade 2 e aprobó a 6 terá aprobado o bloque contable

As probas obxectivas non superadas poderán ser recuperadas na proba obxectiva final. Nesta proba só é necesario recuperar as partes non superadas durante o curso.

3.-Para o cálculo da nota final ponderaranse as diferentes unidades didácticas do seguinte xeito:

Unidades 1	1%
Unidade 2	17%
Unidade 3	25%
Unidade 4	5%
Unidade 5	8%
Unidade 6	36%
Unidade 7,	8%

Alumnos de 2º con Módulo pendente de 1º

Para os alumnos/as de 2º que teñan pendente este módulo de 1º, abríraselles un curso diferenciado na aula Virtual de forma que se poida realizar un seguimento dos mesmos.

Dispoñerán dunha proba antes da avaliación previa á FCT no mes de Febreiro (data na que está previsto no calendario/planning do Departamento que se realicen os exames de pendentes).

Con todo efectuaranse probas intercurso eliminatorias.

A 1ª avaliación poderán desenvolverla cos alumnos de 1º no mes de decembro.

Posteriormente a principios do mes de xaneiro efectuarase unha proba de toda a parte contable (que xa foi repasada no módulo de 2º).

A finais do mesmo mes de xaneiro,efectuarase unha terceira proba sobre as UT restantes liberatorias.

Os alumnos/as que non superen todas ou algunha destas probas poderán recuperalas no exame de Febreiro de pendentes

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación intracurso

En caso de desenvolver probas obxectivas por Unidades didácticas a longo do curso e si o alumno non as superara, poderá realizar unha proba obxectiva de recuperación, de carácter teórico-práctico que poderá coincidir coas datas da primeira, segunda e terceira avaliación, que se puntuará entre 0 e 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para superar a unidade didáctica.

En caso de non superalas, o alumno/a, deberá recuperar todas as Unidades didácticas incluídas nesa avaliación na proba obxectiva de suficiencia de final de curso
Non obstante se deberá ter en conta que a parte contable desenvolvida nas Unidades 2 e 6 son acumulativas polo que o alumno que suspenda a unidade 6 terá incluída a materia da unidade 2, e o que suspenda a unidade 2 e aprobé a 6 terá aprobado o bloque contable

Proba de suficiencia de final de curso

As probas obxectivas non superadas durante o curso, poderán ser recuperadas nunha única proba obxectiva de suficiencia de final de curso.

Non obstante se deberá ter en conta que a parte contable desenvolvida nas Unidades 2 e 6 son acumulativas polo que o alumno que suspenda a unidade 6 terá incluída a materia da unidade 2

A proba obxectiva de suficiencia de final de curso, realizarase despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final

Ao final da terceira avaliación, o alumno recibirá un informe de avaliación individualizado no que indicanse as unidades didácticas que ten pendentes de superar. Os alumnos disporán dun período de tutoría previo a realización da proba para a súa preparación no horario que se lle indique no devandito informe.

Nesta proba o alumno so será avaliado das unidades didácticas pendentes de superar. Cada unidade didáctica será avaliada de forma independente mediante unha proba obxectiva que se puntuará de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

Actividades de recuperación para alumnado que esté en 2º curso e teñan pendente o módulo

Ao alumnado de 2º co módulo pendente facilitarase o traballo distribuindo a materia en tres probas que se repartiran ao longo do curso

Realizarán tres probas escritas: a primeira no mes de novembro tratará sobre a unidade didáctica 1,2 e 6; a segunda no mes de xaneiro tratará sobre as unidades didácticas didácticas 4, 5 e 7; a terceira a finais de febreiro tratará sobre a unidade didáctica 3,

Si o alumno/a, non superase alguna destas probas, poderá recuperalas na terceira

A nota final do módulo deberá figurar na avaliación previa FCT de 2º curso. Esta nota será a media das probas realizadas, sendo necesario aprobar todas as unidades didácticas para aprobar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Procedemento de avaliación do alumnado con perda do dereito á avaliación continua.

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo (mais de 16 faltas) perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se teña presentado.

Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou

superior para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación

Ó final do curso realizarase unha valoración global basándose no informe de seguimento da programación por medio da plataforma da consellería

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase

Confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atención personalizada na aula

Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor

Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente. As medidas de adaptación curricular consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais terase en conta en todas as unidades didácticas que forman o módulo, coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realización de visitas a empresas e/ou organismos.

Visitas a feiras e exposicións de materiais e actividades relacionadas.

Charlas de profesionais relacionados cos contidos impartidos en colaboración co viveiro de empresas que hai no instituto

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0651	Comunicación e atención á clientela	2023/2024	6	160	192
MP0651_12	Comunicación e arquivo	2023/2024	6	105	126
MP0651_22	Atención á clientela	2023/2024	6	55	66

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	INÉS PALLARES MARTÍNEZ, CONSTANTINO ROMAN CIVIDANES (Subst.)
Outro profesorado	CONSTANTINO ROMAN CIVIDANES

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O instituto de ensinanza secundaria LUÍS SEOANE sitúase no barrio de Monteporreiro, na cidade de Pontevedra.

É unha cidade administrativa, monumental, turística e de servizos.

A maior parte dos cidadáns de Pontevedra traballan no sector servizos, algo evidente tendo en conta que a cidade é cabeceira dunha área de influencia duns 190. 000 habitantes, o que supón a existencia dun importante e diversificado sector comercial. A súa situación privilexiada no centro das Rías Baixas e unha boa comunicación coa meseta por autovía, tren e aeroporto, a converten nunha cidade turística onde o peso do sector servizos aumenta.

No municipio de Pontevedra e na súa área de influencia asentáanse multitude de empresas e grandes polígonos industriais.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de comunicación interna e externa da empresa, que abrangue aspectos como:

- Desenvolvemento de tarefas relacionadas coa comunicación interna e externa, e os fluxos de información interdepartamentais.
- Desenvolvemento de habilidades sociais na comunicación co persoal empregado e coa clientela na comunicación oral e escrita.
- Procesos de recepción, rexistro, distribución e recuperación da información dentro da empresa.
- Procedementos de xestión de queixas e servizo posvenda.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en todas as áreas e os departamentos de pequenas, medianas e grandes empresas de calquera sector de actividade

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Análise e aplicación de técnicas de comunicación oral e escrita.
- Coñecemento e manexo dos principios que rexen as habilidades sociais na empresa.
- Técnicas de confección e rexistro da información e a documentación da empresa, utilizando as aplicacións informáticas máis avanzadas.
- Análise dos principios e das tendencias na atención de queixas e no desenvolvemento do servizo posvenda nas organizacións.
- Coñecemento e valoración da responsabilidade social corporativa das organizacións e a súa incidencia na imaxe destas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe			
					MP0651_12				MP0651_22			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	
1	A comunicación nas organizacións empresariais: As comunicacións internas e externas	Identificar os elementos e as técnicas de comunicación institucional e promocional da empresa, tanto internas como externas.	25	13	X							
2	Comunicacións orais na empresa	A técnicas de comunicación oral presenciais e non presenciais.	40	21		X						
3	A comunicación escrita	As técnicas para a elaboración de escritos nas relacións entre empresas e coa administración pública	41	21			X					
4	Xestión da información: Correspondencia e arquivo	Métodos e clasificación de xestión da información: Correspondencia e o arquivo de documentos	20	10				X				
5	A atención á clientela	Identificar os distintos tipos de clientes e a aplicación das técnicas de comunicación adecuadas a cada caso.	26	14					X			
6	Xestión de reclamacións e dereitos do consumidor	A xestión de consultas, queixas e reclamacións e o tratamento dos dereitos dos consumidores	26	14						X		
7	Xestión da calidade no servizo posvenda. Técnicas e ferramentas.	Organización no servizo posvenda. Fidelización da clientela.	14	7								X
Total:			192									

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A comunicación nas organizacións empresariais: As comunicacións internas e externas	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza técnicas de comunicación institucional e promocional, distinguindo entre internas e externas.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar a importancia da comunicación nas organizacións e a súa repercusión no clima laboral e nas relacións co exterior.	1	Comunicación, información e comportamento.	25,0
TOTAL			25

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os tipos de institucións empresariais, con descrición das súas características xurídicas, funcionais e organizativas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre os distintos tipos de organizacións empresariais. 	S	10
CA1.2 Relaciónanse as funcións tipo da organización: dirección, planificación, organización, execución e control.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - sobre os tipos de funcións. 	S	10
CA1.3 Identifícase a estrutura organizativa para unha asistencia ou prestación dun servizo de calidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - sobre a estrutura organizativa. 	S	10
CA1.4 Relaciónanse os estilos de mando dunha organización co clima laboral que xeran.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - sobre o clima laboral xerado. 	S	10
CA1.5 Defínense as canles formais de comunicación na organización a partir do seu organigrama.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre as canles de comunicación e a súa relación co organigrama. 	S	10
CA1.6 Diferenciáronse os procesos de comunicación da organización formais e informais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - sobre os procesos de información. 	S	10
CA1.7 Valorouse a influencia da comunicación informal e as cadeas de rumores nas organizacións, e a súa repercusión nas actuacións do servizo de información prestado.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - sobre a neutralización de rumores. 	S	10
CA1.8 Relacionouse o proceso de demanda de información de acordo co tipo de cliente, interno e externo, que poida intervir nesta.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - sobre as necesidades de información dos clientes. 	S	10
CA1.9 Valorouse a importancia da transmisión da imaxe corporativa da organización nas comunicacións formais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre a importancia de transmitir a mellor imaxe corporativa. 	S	10
CA1.10 Identifícanse os aspectos máis significativos que transmiten a imaxe corporativa nas comunicacións institucionais e promocionais da organización.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - sobre as comunicacións institucionais e promocionais. 	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Organizacións empresariais. Comunicación interna na empresa: comunicación formal e informal. Comunicación externa na empresa Calidade do servizo e atención de demandas. Imaxe corporativa e institucional nos procesos de información e comunicación nas organizacións. Funcións na organización: dirección, planificación, organización e control. Departamentos. Tipoloxía das organizacións: organigramas. Dirección na empresa. Procesos e sistemas de información nas organizacións. Tratamento da información. Fluxos interdepartamentais. Elementos e barreiras da comunicación. Comunicación e información, e comportamento Relacións humanas e laborais na empresa.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Comunicación, información e comportamento. - Sistemas e tipos de comunicación nas organizacións. Comunicacións internas e externas nas empresas. Barreiras. Comunicacións formais e informais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor o guión do traballo a realizar polos alumnos. Expor os criterios de valoración da defensa pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o traballo proposto seguindo as indicacións do profesor/a. Expor públicamente o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> O traballo realizado. Exposición realizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores con conexión á internet. Apuntes do profesor/a. Canón de vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre os distintos tipos de organizacións empresariais. PE.2 - sobre os tipos de funcións. 	25,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - sobre a estrutura organizativa. • PE.4 - sobre o clima laboral xerado. • PE.5 - sobre as canles de comunicación e a súa relación co organigrama. • PE.6 - sobre os procesos de información. • PE.7 - sobre a neutralización de rumores. • PE.8 - sobre as necesidades de información dos clientes. • PE.9 - sobre a importancia de transmitir a mellor imaxe corporativa. • PE.10 - sobre as comunicacións institucionais e promocionais. 	
TOTAL						25,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Comunicacións orais na empresa	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza comunicacións orais presenciais e non presenciais aplicando técnicas de comunicación e adaptándoas á situación e ao interlocutor.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Desenvolver habilidades de comunicación en diversas situacións.	1	Técnicas de comunicación oral presencial e non presencial.	40,0
TOTAL			40

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse os elementos e as etapas dun proceso de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre os elementos do proceso de comunicación. 	S	10
CA2.2 Aplicáronse as técnicas de comunicación oral presencial e telefónica.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre as técnicas de comunicación oral presencial e non presencial. 	S	10
CA2.3 Aplícase o protocolo de comunicación verbal e non verbal nas comunicacións presenciais e non presenciais.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - sobre o protocolo nas comunicacións. 	S	10
CA2.4 Identifícanse os elementos necesarios para realizar e recibir unha chamada telefónica efectiva, nas súas fases de preparación, presentación-identificación e realización.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - sobre as técnicas de atención telefónica. 	S	10
CA2.5 Tivéronse en conta os costumes socioculturais e os usos empresariais, e valorouse a importancia da transmisión da imaxe corporativa	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - sobre a importancia da transmisión da imaxe corporativa. 	S	10
CA2.6 Detectáronse as interferencias que producen as barreiras da comunicación na comprensión dunha mensaxe, e propuxéronse as accións correctivas necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - sobre a eliminación de barreiras nas comunicacións. 	S	10
CA2.7 Utilizouse o léxico e as expresións adecuadas ao tipo de comunicación e aos interlocutores.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre a adecuación da linguaxe ao tipo de interlocutor. 	S	10
CA2.8 Aplicáronse convenientemente elementos de comunicación non verbal nas mensaxes emitidas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - sobre a utilización de técnicas de comunicación non verbal. 	S	10
CA2.9 Valorouse se a información se transmitiu con claridade, de xeito estruturado, con precisión, con cortesía, con respecto e con sensibilidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - sobre a calidade na transmisión da información. 	S	10
CA2.10 Comprobáronse os erros cometidos e propuxéronse as accións correctivas necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - sobre as medidas para non cometer erros. 	N	5
CA2.11 Utilizáronse equipamentos de telefonía e informáticos, con aplicación das normas básicas de uso.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre os tipos de equipamentos. 	N	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos e etapas dun proceso de comunicación oral.
0Realización de entrevistas.
Realización de presentacións.
Comunicación telefónica.
Compoñentes da atención telefónica. Expresións adecuadas.
Cortesía nas comunicacións telefónicas.
Técnicas de transmisión da imaxe corporativa nas comunicacións telemáticas.
Preparación e realización de chamadas.
Identificación dos interlocutores.
Tratamento de diversas categorías de chamadas.
Central telefónica.
Principios básicos nas comunicacións orais.
0Lista telefónica: uso.
Videokonferencia.
Técnicas de comunicación oral.
Habilidades sociais e protocolo na comunicación oral.
Formas de comunicación oral.
Barreiras da comunicación verbal e non verbal.
Adecuación da mensaxe ao tipo de comunicación e ao interlocutor.
Utilización de técnicas de imaxe persoal.
Comunicacións na recepción de visitas.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de comunicación oral presencial e non presencial. - Describir e por en práctica as técnicas e métodos de comunicación en diversas situacións presenciais e a distancia.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor o traballo práctico sobre a materia. Expor as normas de exposición do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o traballo. Expor públicamente o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo realizado. Exposición do traballo realizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores con acceso a Internet. Canon de vídeo. Apuntes do profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre as técnicas de comunicación oral presencial enon presencial. LC.2 - sobre o protocolo nas comunicacións. PE.1 - sobre os elementos do proceso de comunicación. PE.2 - sobre as técnicas de atención telefónica. PE.3 - sobre a importancia da transmisión da imaxe corporativa. PE.4 - sobre a eliminación de barreiras nas comunicacións. PE.5 - sobre a adecuación da linguaxe ao tipo de interlocutor. PE.6 - sobre a utilización de técnicas de comunicación non verbal. PE.7 - sobre a calidade na transmisión da información. PE.8 - sobre as medidas para non cometer erros. PE.9 - sobre os tipos de equipamentos. 	40,0
TOTAL						40,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A comunicación escrita	41

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos escritos de carácter profesional aplicando criterios lingüísticos, ortográficos e de estilo.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o uso das redes sociais 1.2 Redactar escritos internos e externos.	1	Redes sociais. Elaboración de escritos profesionais.	41,0
TOTAL			41

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse os soportes e as canles para elaborar e transmitir os documentos.	• PE.1 - sobre os canles de transmisión de información.	S	10
CA3.2 Diferenciáronse os soportes máis apropiados en función dos criterios de rapidez, seguridade e confidencialidade.	• PE.2 - sobre os soportes de comunicación.	N	5
CA3.3 Identifícase o destinatario cumprindo as normas de protocolo.	• PE.3 - sobre as normas de protocolo na comunicación.	S	10
CA3.4 Diferenciáronse as estruturas e os estilos de redacción propios da documentación profesional.	• PE.4 - sobre os estilos de redacción.	S	10
CA3.5 Redactouse o documento apropiado utilizando unha estrutura, unha terminoloxía e unha forma axeitadas, en función da súa finalidade e da situación de partida.	• PE.5 - os escritos tipo redactados correctamente.	S	10
CA3.6 Utilizáronse as aplicacións informáticas de procesamento de textos e autoedición, así como as súas ferramentas de corrección.	• PE.6 - as aplicacións informáticas no procesamento dos textos.	S	10
CA3.7 Publicáronse documentos con ferramentas de web 2.0.	• PE.7 - sobre os documentos na web.	S	10
CA3.8 Adecuouse a documentación escrita ao manual de estilo de organizacións tipo.	• PE.8 - sobre o estilo nos escritos.	S	10
CA3.9 Utilizouse a normativa sobre protección de datos e conservación de documentos establecidos para as empresas e institucións públicas e privadas.	• PE.9 - sobre as normas de protección de datos.	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.10 Aplicáronse, na elaboración da documentación, as técnicas dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar).	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - a importancia de reciclar e reutilizar. 	S	10
CA3.11 Aplicáronse técnicas de transmisión da imaxe corporativa nas comunicacións escritas, e valorouse a súa importancia para as organizacións.	<ul style="list-style-type: none"> PE.11 - sobre os modos de transmitir a imaxe corporativa nas comunicacións. 	S	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Comunicación escrita na empresa.</p> <p>0Técnicas de transmisión da imaxe corporativa nos escritos.</p> <p>Estilos de redacción.</p> <p>Siglas e abreviaturas.</p> <p>Ferramentas para a corrección de textos.</p> <p>Estruturas e estilos de redacción na documentación profesional.</p> <p>Documentos de uso na empresa e na Administración.</p> <p>Redacción de documentos profesionais utilizando tratamentos de textos.</p> <p>Comunicación nas redes (intranet, internet, blogs, redes sociais, chats, mensaxaría instantánea, etc.). Netiqueta.</p> <p>Técnicas de comunicación escrita.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Redes sociais. Elaboración de escritos profesionais. - Redacción de escritos de relación entre empresas e destas cos organismos da Administración.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da materia. Proposta de elaboración dun traballo sobre as redes sociais. • Explicación da materia. Proposta dos distintos tipos de escritos a realizar polos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun traballo sobre as redes sociais. • Elaboración dos distintos tipos de escritos propostos polo profesor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo escrito sobre as redes sociais e exposición pública. • Os escritos correctamente redactados e estruturados. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores e acceso a Internet. Canon de video. Apuntes do profesor. Guión do traballo de redes sociais. Exercicios propostos polo profesor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - sobre os canles de transmisión de información. • PE.2 - sobre os soportes de comunicación. • PE.3 - sobre as normas de protocolo na comunicación. • PE.4 - sobre os estilos de redacción. • PE.5 - os escritos tipo redactados correctamente. • PE.6 - as aplicacións informáticas no procesamento dos textos. • PE.7 - sobre os documentos na web. • PE.8 - sobre o estilo nos escritos. • PE.9 - sobre as normas de protección de datos. • PE.10 - a importancia de reciclar e reutilizar. • PE.11 - sobre os modos de transmitir a imaxe corporativa nas comunicacións. 	41,0
TOTAL						41,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión da información: Correspondencia e arquivo	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina os procesos de recepción, rexistro, distribución e recuperación de comunicacións escritas, aplicando criterios específicos de cada unha destas tarefas.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aplicar técnicas de clasificación e arquivo. Xestión e rexistro da correspondencia.	1	Clasificación e arquivo. Xestión da correspondencia	20,0
TOTAL			20

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os medios, os procedementos e os criterios máis adecuados na recepción, no rexistro, na distribución e na transmisión de comunicación escrita a través dos medios telemáticos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - a comunicación e os medios telemáticos. 	S	10
CA4.2 Determináronse as vantaxes e os inconvenientes da utilización dos medios de transmisión da comunicación escrita.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - sobre a elección dos medios de transmisión. 	S	10
CA4.3 Selecionouse o medio de transmisión máis axeitado en función dos criterios de urxencia, custo e seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - sobre o medio e os criterios de urxencia e custe. 	S	10
CA4.4 Identifícanse os soportes de arquivo e rexistro máis utilizados en función das características da información que haxa que almacenar.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - sobre os distintos tipos de arquivo. 	S	10
CA4.5 Identifícanse as principais bases de datos das organizacións, así como a súa estrutura e as súas funcións.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre a importancia e utilidade das bases de datos. 	S	10
CA4.6 Analizáronse as técnicas de mantemento do arquivo de xestión de correspondencia convencional.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - sobre a xestión da correspondencia convencional. 	N	5
CA4.7 Determinouse o sistema de clasificación, rexistro e arquivo apropiados ao tipo de documentos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - sobre os criterios de clasificación de documentos. 	S	10
CA4.8 Recoñecéronse os procedementos de consulta e conservación da información e da documentación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - sobre os procedementos de consulta. 	N	5
CA4.9 Respectáronse os niveis de protección, seguridade e acceso á información segundo a normativa, e aplicáronse, na elaboración e no arquivo da documentación, as técnicas dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar).	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre os niveis de protección e a normativa a aplicar. 	S	15
CA4.10 Rexistráronse os correos electrónicos recibidos e emitidos, así como outra información telemática, de xeito organizado e rigoroso, segundo técnicas de xestión eficaz.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - sobre o rexistro da correspondencia non convencional. 	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.11 Realizouse a xestión e o mantemento de cadernos de enderezos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.11 - sobre o mantemento do caderno de enderezos. 	S	5
CA4.12 Valorouse a importancia da sinatura dixital na correspondencia electrónica	<ul style="list-style-type: none"> PE.12 - sobre a sinatura dixital. 	S	5
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Recepción, envío e rexistro da correspondencia. 0Proceso de arquivo. Custodia e protección do arquivo. Bases de datos para o tratamento da información. Correo electrónico Servizos de correos, circulación interna de correspondencia e paquetería. Procedementos de seguridade e confidencialidade da información. Clasificación e ordenación de documentos. Técnicas de arquivo: natureza. Finalidade do arquivo. Arquivo de documentos. Sistemas de arquivo. Clasificación da información. Centralización ou descentralización do arquivo.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clasificación e arquivo. Xestión da correspondencia - Nesta unidade coñeceremos os métodos de clasificación e arquivo de documentos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor exercicios. Propor traballos prácticos sobre a materia. Exposición pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar os exercicios. Realizar o traballo práctico. Expor na aula o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos. Traballo escrito cos contidos adaptados a unha suposta empresa. Exposición pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e acceso a Internet. Canon de video. Apuntes do profesor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - a comunicación e os medios telemáticos. PE.2 - sobre a elección dos medios de transmisión. PE.3 - sobre o medio e os criterios de urxencia e custe. PE.4 - sobre os distintos tipos de arquivo. PE.5 - sobre a importancia e utilidade das bases de datos. PE.6 - sobre a xestión da correspondencia convencional. PE.7 - sobre os criterios de clasificación de documentos. PE.8 - sobre os procedementos de consulta. PE.9 - sobre os niveis de protección e a normativa a aplicar. PE.10 - sobre o rexistro da correspondencia non convencional. PE.11 - sobre o mantemento do caderno de enderezos. PE.12 - sobre a sinatura dixital. 	20,0
TOTAL						20,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A atención á clientela	26

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica técnicas de comunicación, logo de identificar as máis adecuadas, na relación e na atención á clientela e persoas usuarias.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o proceso de atención á clientela. Adoptar a postura máis adecuada segundo o comportamento do cliente.	1	Coñecer as técnicas de comunicación e aplicar habilidades sociais na atención á clientela.	26,0
TOTAL			26

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Aplicáronse técnicas de comunicación e habilidades sociais que facilitan a empatía coa clientela ou as persoas usuarias en situacións de atención ou asesoramento.	• LC.1 - sobre a aplicación de técnicas de comunicación na atención á clientela.	S	10
CA1.2 Identifícaronse as fases que compoñen o proceso de atención á clientela e ás persoas consumidoras ou usuarias a través de diferentes canles de comunicación.	• PE.1 - sobre o proceso de atención á clientela.	S	20
CA1.3 Adoptouse a postura máis adecuada segundo o comportamento do cliente ante diversos tipos de situacións.	• LC.2 - sobre o comportamento en distintas situacións e con diferentes tipos de clientes.	S	20
CA1.4 Analizáronse as motivacións de compra ou demanda dun produto ou servizo por parte da clientela ou as persoas usuarias.	• PE.2 - sobre o recoñecemento das distintas motivacións de compra	S	20
CA1.5 Obtívose, de ser o caso, a información histórica da clientela.	• LC.3 - obtención de información sobre o cliente	S	10
CA1.6 Aplicouse a forma e a actitude adecuadas na atención e no asesoramento a un cliente ou unha cliente en función da canle de comunicación utilizada.	• PE.3 - sobre a actitude de asesoramento que satisfaga ao cliente.	S	10
CA1.7 Analizáronse e solucionáronse os erros máis habituais que se cometen na comunicación coa clientela ou as persoas usuarias.	• PE.4 - sobre as formas de evitar os erros de comunicación	S	10

TOTAL

100

4.5.e) Contidos

Contidos

Cientela.

0Estratexia de relación.

Atención á clientela na empresa ou organización.

Departamento de atención á clientela ou ás persoas consumidoras na empresa.

Documentación implicada na atención á clientela.

Sistemas de información e bases de datos.

Relacións públicas.

Canles de comunicación coa clientela.

Procedementos de obtención e recollida de información.

Técnicas de atención á clientela: dificultades e barreiras na comunicación coa clientela ou persoas usuarias.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Coñecer as técnicas de comunicación e aplicar habilidades sociais na atención á clientela. - Nesta unidade coñeceremos as técnicas de comunicación e a posta en práctica das habilidades sociais coa clientela.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor o guión do traballo a realizar polos alumnos. Expor os criterios de valoración da defensa pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o traballo proposto. Expor o traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo realizado. Exposición realizada. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores con acceso a Internet. Canon de video. Apuntes do profesora. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a aplicación de técnicas de comunicación na atención á clientela. LC.2 - sobre o comportamento en distintas situacións e con diferentes tipos de clientes. LC.3 - obtención de información sobre o cliente PE.1 - sobre o proceso de atención á clientela. PE.2 - sobre o recoñecemento das distintas motivacións de compra PE.3 - sobre a actitude de asesoramento que satisfaga ao cliente. PE.4 - sobre as formas de evitar os erros de comunicación 	26,0
TOTAL						26,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de reclamacións e dereitos do consumidor	26

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestión de consultas, queixas e reclamacións da posíbel clientela, aplicando a normativa.	SI



4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Xestionar reclamacións dos clientes. Políticas de seguimento.	1	Xestión de reclamacións e defensa do consumidor.	12,0
2.1 Coñecer e aplicar a normativa de defensa dos consumidores e usuarios.	2	Dereitos e deberes dos consumidores e usuarios.	14,0
TOTAL			26

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Descríbense as funcións do departamento de atención á clientela en empresas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - sobre as funcións do departamento de atención ao cliente 	S	20
CA2.2 Valorouse a importancia dunha actitude proactiva para anticiparse a incidencias nos procesos.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a importancia de mostrar unha actitude proactiva 	S	10
CA2.3 Interpretouse a comunicación recibida por parte da clientela.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - sobre a análise da comunicación recibida. 	S	10
CA2.4 Relacionáronse os elementos da queixa ou reclamación coas fases do plan interno de resolución de queixas e reclamacións.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - sobre o plan de resolución de queixas e reclamacións. 	S	20
CA2.5 Diferenciáronse os tipos de demanda ou reclamación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - sobre as diferencias entre demandas, queixas e reclamacións 	S	5
CA2.6 Xestionouse a información que haxa que subministrarlle á clientela.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre a información dar á clientela. 	N	5
CA2.7 Determináronse os documentos propios da xestión de consultas, queixas e reclamacións.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - sobre os documentos de xestión de consultas, queixas e reclamacións 	N	5
CA2.8 Redactáronse escritos de resposta utilizando medios electrónicos ou outras canles de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - sobre a elaboración de escritos de resposta 	S	10
CA2.9 Valorouse a importancia da protección da persoa consumidora.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - sobre a aplicación de normas de protección ao consumidor 	N	5
CA2.10 Aplicouse a normativa en materia de consumo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - sobre as normas en materia de consumo vixentes. 	S	10
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Consumidores ou consumidoras.
Protección de consumidores ou consumidora, ou persoas usuarias.
Papel dos consumidores ou consumidoras, ou persoas usuarias.
Dereitos e deberes dos consumidores ou consumidoras, ou persoas usuarias.
Defensa dos consumidores ou consumidoras.
Institucións e organismos de protección dos consumidores ou consumidoras.
Reclamacións e denuncias.
Mediación e arbitraje: concepto e características.
Situacións en que se orixina unha mediación ou arbitraje.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Xestión de reclamacións e defensa do consumidor. - Aplicar métodos de xestión de reclamacións	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor o guión do traballo a realizar polos alumnos. Expor os criterios de valoración da defensa pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o traballo. Expor o traballo realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo realizado. Traballo exposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e acceso a Internet. Canon de video. Apuntes do profesor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - sobre a importancia de mostrar unha actitude proactiva PE.1 - sobre as funcións do departamento de atención ao cliente PE.2 - sobre a análise da comunicación recibida. PE.3 - sobre o plan de resolución de queixas e reclamacións. PE.4 - sobre as diferencias entre demandas, queixas e reclamacións 	12,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - sobre a información dar á clientela. PE.6 - sobre os documentos de xestión de consultas, queixas e reclamacións PE.7 - sobre a elaboración de escritos de resposta 	
Dereitos e deberes dos consumidores e usuarios. - Coñecer a normativa vixente	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da materia. Propor o guión do traballo a realizar polos alumnos. Expor os criterios de valoración da defensa pública do traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar o traballo proposto. Expor o traballo proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo realizado. Traballo exposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e acceso a Internet. Canon de vídeo. Apuntes do profesor/a. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - sobre a aplicación de normas de protección ao consumidor PE.9 - sobre as normas en materia de consumo vixentes. 	14,0
					TOTAL	26,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Xestión da calidade no servizo posvenda. Técnicas e ferramentas.	14

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza o servizo posvenda en relación coa fidelización da clientela.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Xestión de calidade. O servizo posvenda.	1	A calidade e o servizo posvenda	14,0
TOTAL			14

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia do servizo posvenda nos procesos comerciais.	• PE.1 - sobre a valoración e utilidade do servizo posvenda	N	5
CA3.2 Identificáronse os elementos que interveñen na atención posvenda.	• PE.2 - sobre os diferentes elementos do servizo posvenda	S	10
CA3.3 Identificáronse as situacións comerciais que precisan seguimento e servizo posvenda.	• PE.3 - sobre a maneira de identificar situacións comerciais relacionadas co servizo posvenda	N	5
CA3.4 Aplicáronse os métodos máis utilizados habitualmente no control de calidade do servizo posvenda e os elementos que interveñen na fidelización da clientela.	• PE.4 - sobre o deseño do sistema de control de calidade e do sistema de fidelización da clientela	S	20
CA3.5 Distinguíronse os momentos ou fases que estruturan o proceso de posvenda.	• PE.5 - sobre as diferentes fases do proceso posvenda	S	10
CA3.6 Utilizáronse as ferramentas de xestión dun servizo posvenda.	• PE.6 - sobre o deseño do sistema de control do servizo posvenda	S	10
Moita da información exterior que se vai necesitar poderase obter a través de internet, pero non toda, polo que os alumnos necesitarán saír ao exterior e realizar xestións para obtela. O desenvolvemento do seu traballo realizarase, polo tanto, parte na aula e parte no exterior. O estudante, organizado en grupos de traballo cos compañeiros de proxecto e asesorado polo profesorado, deberá visitar empresas e institucións, ir a organismos, preguntar en asociacións empresariais e en sindicatos de traballadores, buscar en arquivos especializados e en bibliotecas, consultar en bases de datos, analizar estudos e traballos xa realizados, realizar trámites e xestións, etcétera.

É convinte cos alumnos, dende o principio, se acostumen a programar e preparar previamente as saídas en busca de información para aproveitalas ao máximo e non perder un tempo que pode resultar sempre escaso por falta dunha planificación adecuada. As saídas estarán, polo tanto, planificadas e serán autorizadas polo profesor. A este respecto, é convinte levar unhas fichas de control das saídas que vaia a efectuar cada grupo, en donde figure:

- o O grupo de alumnos.
- o O día e as horas en que se vai a saír.
- o O organismo ou dirección a visitar.
- o As xestións a realizar e a información a obter.

E, posteriormente, unha vez realizada a saída, se anoten os resultados obtidos. Esta ficha será cumprimentada polos alumnos e autorizada polo profesor

10.2) COVID 19

Segundo se establece nas diferentes normas relacionadas coa situación e adaptación ao contexto COVID 19 nos centros de ensino non universitario en caso de suspensión das actividades lectivas por mor da pandemia o desenvolvemento do módulo levarase a cabo a través dunha ensinanza a distancia por medios telemáticos, empregando a Aula Virtual do centro, á que ten acceso o alumnado do módulo.

A ensinanza telemática seguirá, dentro das posibilidades que permite a plataforma, o mesmo procedemento de ensinanza e aprendizaxe co detallado nesta programación. Empregarase a aula virtual para a entrega de tarefas, realización de probas de avaliación, comunicación de instrucións ou aclaracións, resolución de dúbidas, etc.

O proceso de avaliación realizarase por medio da aula virtual, respetando ao máximo os instrumentos e criterios de avaliación detallados no apartado 5 da programación (Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación).

As probas escritas terán carácter obrigatorio e realizaranse nas datas e no tempo indicados na Aula Virtual. A ausencia inxustificada a estas probas conlevará automaticamente a cualificación da proba cun cero. No caso de ausencia por causa xustificada a una proba, o alumno deberá poñerse en contacto coa profesora (mensaxe privada a través da plataforma) para entregar a xustificación da falta. Só se admitirán xustificacións debidamente documentadas. Neste caso a profesora proporá ao alumno implicado una data alternativa para a realización da proba.

Traballos, exercicios e/ou exposicións: o alumnado deberá realizar as tarefas que a profesora propoña con carácter avaliabile correspondentes ás unidades didácticas. Estas tarefas serán entregadas por medio da aula virtual, segundo a forma establecida e dentro do prazo marcado para tal finalidade. As tarefas non entregadas ou as entregadas fóra do prazo sinalado serán cualificadas cun cero agás causas debidamente xustificadas e documentadas

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0658	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0658_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0658_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL ANGEL CASAS ARRUTI GONZÁLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A profesión de técnico superior en administración e finanzas sufriu unha evolución nos últimos anos como consecuencia do desenvolvemento experimentado polos sectores económicos de forma xeral e o sector servizos en particular, que supuxo unha forte demanda de profesionais desta ocupación.

Algunhas causas desta situación e que farán que se continúe demandando profesionais con esta ocupación son as seguintes:

A tendencia da actividade económica cara á globalización e o incremento das relacións comerciais e institucionais internacionais require profesionais con cualificación e competitividade, nomeadamente nas novas tecnoloxías da información e da comunicación, e con competencias lingüísticas en varios idiomas.

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo esíxelles actualmente ás persoas profesionais de administración e finanzas unha serie de competencias persoais e sociais relacionadas co traballo en equipo, a autonomía e a iniciativa na toma de decisións, e no desenvolvemento de tarefas e a atención ao público. Cómpre insistir en que as fronteiras entre as áreas da administración empresarial están cada vez máis diluídas, de modo que se requiren esforzos cada vez maiores na súa coordinación, tanto interna como externamente.

O cambio constante en lexislación, tipos de documentos e procedementos administrativos utilizados pola empresa esixe, por parte destas persoas, unha actualización constante e actitudes favorables cara á aprendizaxe ao longo da vida, cara á autoformación e cara á responsabilidade.

A crecente competitividade no mundo empresarial esixe profesionais capaces de desenvolver a súa actividade nun ámbito de xestión de calidade, con importancia na seguridade, a hixiene e o respecto polo ambiente.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da administración e a xestión.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- o) Analizar e utilizar as oportunidades e os recursos de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- q) Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias, para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.
- w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.



E as competencias:

- n) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- o) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- p) Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou coñecementos adecuados e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e o do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- r) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- s) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- t) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe			
					MP0658_12				MP0658_22			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	O Dereito do Traballo.		8	5						X		
2	O contrato de traballo.		8	10						X		
3	Equipos de traballo e conflitos na empresa.		6	5					X			
4	Autoorientación laboral.		4	5								X
5	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.		12	10						X		
6	Participación dos traballadores na empresa.		6	10						X		
7	O tempo de traballo e a súa retribución.		16	10						X	X	
8	O sistema da Seguridade Social.		10	10							X	
9	A procura activa de emprego.		4	5								X
10	A saúde laboral e factores de risco laboral.		18	10	X	X	X					
11	Prevención e protección.		12	10				X				
12	Xestión da prevención na empresa. O plan de prevención e emerxencias.		24	10			X	X				
Total:			128									

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Dereito do Traballo.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	1	A relación laboral.	6,0
1.2 Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.			
2.1 Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	2	Organismos que interveñen na relación laboral.	2,0
TOTAL			8

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Análise da relación laboral individual. 	S	50
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Traballo investigación os organismos nas Relacións Laborais 	N	25
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Actitude ante os Dereitos e deberes derivados da relación laboral. 	S	25
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A relación laboral. - Identificación do ámbito, fontes e principios de aplicación do dereito laboral e valoración dos dereitos e obrigas laborais.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual sobre a relación laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Material audiovisual. Ordenador conectado, un proxector e pantalla. Textos legais e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Análise da relación laboral individual. TO.1 - Actitude ante os Dereitos e deberes derivados da relación laboral. 	6,0
Organismos que interveñen na relación laboral. - Identificación dos organismos que interveñen nas relacións laborais	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador conectado a un proxector e a unha pantalla. Material audiovisual. Documentación sobre Organismos públicos que interveñen nas relacións laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Traballo investigación os organismos nas Relacións Laborais 	2,0
TOTAL						8,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O contrato de traballo.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.	1	O contrato de traballo.	2,0
2.1 Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	2	Modalidades de contrato	6,0
TOTAL			8

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Contrato de traballo. 	S	65
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Casos prácticos sobre contratación. 	S	35
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O contrato de traballo. - Coñecemento dos elementos esenciais do contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Contrato de traballo. 	2,0
Modalidades de contrato - Análise dos principais contratos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre modalidades dos contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Casos prácticos sobre contratación. 	6,0
TOTAL						8,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Equipos de traballo e conflitos na empresa.	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as características dun equipo de traballo.	1	Vantaxes e desvantaxes do traballo en equipo.	2,0
1.2 Distinguir os equipos que realizan un traballo eficaz dos ineficaces.			

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.1 Distinguir os distintos roles dentro dun equipo de traballo.	2	Roles dentro dun equipo de traballo.	2,0
3.1 Ter una visión xeral dos factores que inflúen nunha decisión.	3	Métodos de solución de conflitos.	2,0
3.2 Coñecer procedementos para una solución efectiva dos problemas laborais.			
TOTAL			6

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en administración e finanzas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	• PE.1 - Equipos de traballo.	N	15
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	• PE.2 - Características do equipo de traballo.	S	15
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	• TO.1 - Adopción de distintos roles.	N	15
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	• PE.3 - Técnicas de comunicación.	S	15
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	• PE.4 - Procedementos de resolución conflitos.	S	10
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	• TO.2 - Actitude responsable na adopción de decisións.	S	10
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	• PE.5 - Análise dos obxetivos acadados no equipo.	N	20
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.

Contidos
Equipos no sector da administración e a xestión segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Vantaxes e desvantaxes do traballo en equipo. - Identificación das vantaxes do traballo en equipo e identificación dos equipos eficaces.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Elaboración dun listado de vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Listado de vantaxes do traballo en equipo entregado. 	<ul style="list-style-type: none"> Documentos fotocopiados e medios audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Equipos de traballo. PE.2 - Características do equipo de traballo. PE.3 - Técnicas de comunicación. PE.5 - Análise dos obxetivos acadados no equipo. TO.2 - Actitude responsable na adopción de decisións. 	2,0
Roles dentro dun equipo de traballo. - Distinción dos roles que se poden manifestar nun equipo de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Proposta dunha actividade de identificación dos distintos tipos de roles nun equipo de traballo. Recollida de información. Elaboración dos distintos roles nun equipo de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Caso práctico resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Adopción de distintos roles. 	2,0
Métodos de solución de conflitos. - Identificación dos factores que inflúen nas						2,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
decisións e dos procedementos de solución de conflitos.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. Propoñer un exercicio sobre resolución dun conflito laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do exercicio. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicio resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Procedementos de resolución conflitos. 	
TOTAL						6,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Autoorientación laboral.	4

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as súas capacidades e intereses profesionais.			
1.2 Valorar a importancia da formación como factor clave de empregabilidade.	1	Achega sobre as saídas profesionais do ciclo.	2,0
1.3 Identificar as ocupacións e os postos propios do seu perfil profesional.			
2.1 Identificar as ofertas de emprego axeitadas ao seu perfil profesional e recoñecer anuncios enganosos.	2	Busca e análise de ofertas de traballo no sector profesional.	2,0
TOTAL			4

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.	• TO.1 - Interese, motivación e iniciativa amosados.	N	20
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.	• TO.2 - Interese, motivación e iniciativa amosados.	N	10
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.	• TO.3 - Interese, motivación e iniciativa amosados.	N	10
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.	• TO.4 - Hábitos de non discriminación e igualdade.	N	10
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.1 - Deseño de itinerario formativo.	S	15
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.	• PE.2 - Competencias e capacidades requiridas na actividade profesional relacionada co perfil do título.	S	15
CA4.7 Identifícanse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.3 - As fontes de emprego e inserción laboral nos titulados.	S	20
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en administración e finanzas.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en administración e finanzas.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en administración e finanzas.
Proceso de toma de decisións.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Achega sobre as saídas profesionais do ciclo. - Identificación das capacidades profesionais e postos propios do perfil profesional e valoración da importancia da formación na empregabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> Achega de información sobre o perfil profesional sinalado no decreto que regula o currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar documento sobre o seu perfil profesional e expectativas individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> Perfil profesional feito. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, Internet, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Deseño de itinerario formativo. PE.2 - Competencias e capacidades requeridas na actividade profesional relacionada co perfil do título. PE.3 - As fontes de emprego e inserción laboral nos titulados. TO.1 - Interese, motivación e iniciativa amosados. TO.2 - Interese, motivación e iniciativa amosados. TO.3 - Interese, motivación e iniciativa amosados. TO.4 - Hábitos de non discriminación e igualdade. 	2,0
Busca e análise de ofertas de traballo no sector profesional. - Identificación e análise de ofertas de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación do tema e achega sobre páxinas de emprego en Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información e elaborar un cadro con cinco ofertas de emprego atopadas do seu sector profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Procura de ofertas de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, Internet, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - As fontes de emprego e inserción laboral nos titulados. 	2,0
TOTAL						4,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as causas e os efectos da modificación.	1	Modificación do contrato.	3,0
2.1 Identificar as causas e os efectos da suspensión.	2	Suspensión do contrato.	3,0
3.1 Identificar as causas e os efectos da extinción.	3	Extinción do contrato.	6,0
TOTAL			12

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	• TO.1 - Actitude ante a lexislación	N	35
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.	• PE.1 - Casos prácticos	S	65
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Modificación do contrato. - Identificación das causas e efectos da modificación do contrato do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre modificación do contrato. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Casos prácticos TO.1 - Actitude ante a lexislación 	3,0
Suspensión do contrato. - Identificación das causas e efectos da suspensión do contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre suspensión do contrato. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Casos prácticos TO.1 - Actitude ante a lexislación 	3,0
Extinción do contrato. - Identificación das causas e efectos da extinción do contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre extinción do contrato. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Casos prácticos TO.1 - Actitude ante a lexislación 	6,0
TOTAL						12,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Participación dos traballadores na empresa.	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	1	Representación dos traballadores.	4,0
2.1 Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	2	Conflitos colectivos.	2,0
TOTAL			6

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Casos prácticos. 	S	65
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Conflitos colectivos na empresa. 	N	35
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Representación dos traballadores. - Identificación dos órganos de representación dos traballadores.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, documentación fotocopiada e textos legais. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Casos prácticos. 	4,0
Conflitos colectivos. - Análise dos conflitos colectivos e os procedementos de solución.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, documentación fotocopiada e textos legais. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Conflitos colectivos na empresa. 	2,0
TOTAL						6,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O tempo de traballo e a súa retribución.	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. 1.2 Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional. 1.3 Identificar as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	1	O tempo de traballo.	6,0
2.1 Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran. 2.2 Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	2	O Salario e a nómina.	10,0
TOTAL			16

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en administración e finanzas.	• LC.1 - Convenio colectivo.	N	25
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.	• PE.1 - Recibo de salarios.	S	25
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	• PE.2 - Casos prácticos.	N	25
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.	• PE.3 - Suposto práctico	S	25
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en administración e finanzas.

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O tempo de traballo. - Análise dos conceptos que integran o tempo de traballo e dos novos contornos de organización do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre o tempo de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Convenio colectivo. PE.2 - Casos prácticos. 	6,0
O Salario e a nómina. - Identificación dos conceptos retributivos que compoñen o recibo de salarios.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Recibo de salarios. PE.3 - Suposto práctico 	10,0
TOTAL						16,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O sistema da Seguridade Social.	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Delimitar o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.	1	Seguridade Social.	2,0
1.2 Valorar o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.			
2.1 Determinar as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizar o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	2	Prestacións da Seguridade Social.	8,0
2.2 Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizar o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.			
TOTAL			10

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.	• TO.1 - Actitude ante o papel da seguridade social.	N	25
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.	• LC.1 - Funcións do sistema de seguridade social.	N	15
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.	• PE.1 - Supostos prácticos.	S	35
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.	• PE.2 - Supostos sobre desemprego.	S	25
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

Contidos
Protección por desemprego. Prestacións contributivas da seguridade social.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Seguridade Social. - Coñecemento da estrutura e funcionamento da Seguridade Social valorando o seu papel no estado social.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, documentación fotocopiada e textos legais. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Funcións do sistema de seguridade social. TO.1 - Actitude ante o papel da seguridade social. 	2,0
Prestacións da Seguridade Social. - Análise das prestacións da Seguridade Social.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, documentación fotocopiada e textos legais. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Supostos prácticos. PE.2 - Supostos sobre desemprego. 	8,0
TOTAL						10,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura activa de emprego.	4

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	NO

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	1	Elaborar o curriculum vitae e a carta de presentación que ten que acompañalo.	2,0
1.2 Aprender a redactar o curriculum vitae e unha carta de presentación.			
2.1 Saber desenvolverse nunha entrevista de traballo.	2	Simulación de entrevista de traballo.	1,0
3.1 Coñecer as posibilidades de autoemprego existentes	3	Procura e análise das alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título	1,0
TOTAL			4

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Técnicas e instrumentos de procura de emprego. 	S	65
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Alternativas de autoemprego 	N	35
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaborar o currículum vitae e a carta de presentación que ten que acompañalo. - Coñecemento dos instrumentos de procura de emprego e elaboración do currículum vitae e a carta de presentación.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual da unidade e comentario sobre os trazos esenciais á hora de elaborar cartas de presentación e currículos. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información e elaboración dunha carta de presentación e un currículo. 	<ul style="list-style-type: none"> Carta de presentación e currículo feito. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, documentos fotocopiados, Internet e ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Técnicas e instrumentos de procura de emprego. 	2,0
Simulación de entrevista de traballo. - Desenvolvemento dunha entrevista de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Propoñer preguntas de interese para facer ao entrevistado, especialmente en relación ao futuro profesional do sector. Simulación entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> Respostas máis axeitadas as preguntas facilitadas pola profesora. Simulación entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> Respostas habituais nunha entrevista contestadas e entregadas. Actitude adoptada no simulacro de entrevista. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, documentos fotocopiados, Internet e ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Técnicas e instrumentos de procura de emprego. 	1,0
Procura e análise das alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título - Coñecemento das alternativas de autoemprego	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información Realización de supostos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador, internet 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Alternativas de autoemprego 	1,0
TOTAL						4,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A saúde laboral e factores de risco laboral.	18

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da administración e a xestión.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer a normativa básica en materia de prevención de riscos laborais.	1	A lei de prevención de riscos laborais.	2,0
1.2 Analizar os dereitos e obrigas de traballadores e empresarios en materia preventiva.			
2.1 Distinguir entre accidente de traballo e enfermidade profesional.	2	Danos profesionais.	2,0
3.1 Analizar os factores de risco que poden estar presentes no medio laboral.	3	Factores de risco laboral.	4,0
4.1 Identificar os distintos tipos de riscos laborais que poden existir no teu posto de traballo.	4	Condições de traballo.	5,0
4.2 Coñecer os efectos dos diferentes riscos.			
4.3 Identificar as medidas a adoptar para evitar que os riscos se convirtan en danos para a saúde.			
5.1 Valorar a importancia dos hábitos preventivos na empresa.	5	Avaliación de riscos laborais.	5,0
5.2 Aprender a avaliar os riscos laborais.			
TOTAL			18

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Condições laborais e a saúde. 	N	10
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Principios da acción preventiva. 	S	5
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Importancia da formación e a información. 	N	10
CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Actuación ante situacións de emerxencia. 	S	5

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Medidas de protección a persoas sensibles a determinados riscos. 	S	5
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da administración e a xestión.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Dereitos á protección da saúde no sector. 	S	5
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Obrigas en materia PRL. 	N	10
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en administración e finanzas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - O análise das condicións de traballo. 	S	10
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Clasificación de riscos laborais. 	S	10
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en administración e finanzas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - As diferenzas entre AT e EP. 	S	5
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en administración e finanzas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - A identificación de riscos laborais. 	N	10
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - A avaliación de riscos dunha empresa do sector. 	S	5
CA3.1 Valórouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Hábitos preventivos na empresa. 	N	10
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Contidos

Riscos específicos no sector da administración e a xestión en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da administración e a xestión.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A lei de prevención de riscos laborais. - Normativa en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación da LPRL e preparación de exemplos e casos sobre dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información sobre a LPRL e resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e caos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Textos legais. Fotocopias. Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Condicións laborais e a saúde. PE.2 - Principios da acción preventiva. PE.3 - Actuación ante situacións de emerxencia. PE.4 - Dereitos á protección da saúde no sector. TO.1 - Importancia da formación e a información. TO.2 - Medidas de protección a persoas sensibles a determinados riscos. TO.3 - Obrigas en materia PRL. 	2,0
Danos profesionais. - Resolución de diversos supostos de AT e EP.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das diferenzas entre accidente de traballo e enfermidade profesional. Preparación de exemplos e exercicios sobre AT e EP. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de exercicios nos que deberán sinalar en distintas situacións se se trata de accidente de traballo ou enfermidade profesional. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Condicións laborais e a saúde. PE.5 - O análise das condicións de traballo. PE.6 - Clasificación de riscos laborais. PE.7 - As diferenzas entre AT e EP. 	2,0
Factores de risco laboral. - Análise de condicións de traballo e riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual dos factores de risco laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Visionado dun fragmento dunha película e realizar un 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e suposto resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Clasificación de riscos laborais. 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		análise das condicións de traballo e os riscos laborais aos que está exposto o protagonista.			<ul style="list-style-type: none"> PE.8 - A identificación de riscos laborais. 	
Condicións de traballo. - Estudio de caso práctico de identificación de riscos e consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dun breve esquema da clasificación dos factores de risco na pizarra e preparación de caso práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dun caso práctico no que teñen que identificar e clasificar os riscos, as consecuencias na saúde dos traballadores e as medidas preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e suposto resolto. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - O análise das condicións de traballo. TO.4 - A avaliación de riscos dunha empresa do sector. 	5,0
Avaliación de riscos laborais. - Realización da avaliación de riscos dunha situación real.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dun método de avaliación de riscos laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información sobre a presentación e facer un informe no que se analice unha tarefa propia do sector profesional, acompañado dunha imaxe da situación analizada e identificando o perigo, avaliando o risco e as medidas preventivas a adoptar. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización e entrega do traballo no prazo fixado. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Hábitos preventivos na empresa. 	5,0
TOTAL						18,0

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Prevención e protección.	12

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en administración e finanzas.	NO

4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Distinguir entre medidas de prevención e de protección.	1	Medidas de prevención y protección.	10,0
1.2 Identificar as medidas de protección colectiva e individual.			
1.3 Describir qué son os EPI e as súas características.			
2.1 Analizar o significado das distintas sinais de seguridade.	2	Sinalización de seguridade.	2,0
TOTAL			12

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	• PE.1 - Técnicas e medidas de prevención e protección.	S	15
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	• PE.2 - Principais características da sinalización.	N	50
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	• LC.1 - Clasificación dos EPIs mais habituais no sector profesional.	S	35
TOTAL			100

4.11.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medidas de prevención y protección. - Análise das medidas de prevención e protección.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das medidas de prevención e protección, incidindo nas diferenzas entre ambos termos e poñendo exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun esquema-resumo sobre clasificación dos EPIs segundo a parte do corpo que protexen. Busca en Internet dun posto de traballo do seu sector profesional e estimación dos posibles riscos laborais, as medidas de prevención e os equipos de protección individual (EPI) mais axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema de EPIs e informe feito. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Clasificación dos EPIs mais habituais no sector profesional. PE.1 - Técnicas e medidas de prevención e protección. 	10,0
Sinalización de seguridade. - Significado e alcance da sinalización de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual da sinalización de seguridade e entrega dun cadro coas principais características da sinalización. 	<ul style="list-style-type: none"> Visionado dun vídeo do INSHT sobre sinalización e sinalar as sinais que aparecen no vídeo que non coñecen e non se viron no aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Principais características da sinalización. 	2,0
TOTAL						12,0

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Xestión da prevención na empresa. O plan de prevención e emerxencias.	24

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en administración e finanzas.	NO

4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Distinguir as formas de organizar a prevención na empresa e identificar a máis axeitada para cada situación. 1.2 Determinar os xeitos de representación dos traballadores na empresa en materia de prevención de riscos.	1	Modalidades organizativas de prevención.	4,0
2.1 Coñecer o contido de un Plan de Prevención. 2.2 Valorar a importancia da existencia de un Plan de Prevención nunha empresa. 2.3 Desenvolver un plan de emerxencia e evacuación.	2	Plan de emerxencia e evacuación.	12,0
3.1 Describir a secuencia de accións que se segue na valoración de feridos nunha situación de emerxencia. 3.2 Coñecer e aplicar as técnicas básicas de primeiros auxilios.	3	Técnicas Primeiros auxilios.	8,0
TOTAL			24

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	• PE.1 - Organización da prevención na empresa.	S	5
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	• PE.2 - Formas de representación dos traballadores.	S	5
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	• PE.3 - Organismos públicos relacionados coa PRL.	N	20
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	• TO.1 - Actitude ante a importancia do plan preventivo.	N	10
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	• PE.4 - Prevención integrada.	N	10
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en administración e finanzas.	• PE.5 - Esquema do contido do plan.	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Plan de emerxencia e evacuación dun centro de traballo. 	S	10
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Protocolos nunha situación de emerxencia. 	N	10
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Técnicas de clasificación de feridos. 	S	10
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Técnicas de primeiros auxilios. 	S	10
TOTAL			100

4.12.e) Contidos

Contidos
<p>Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.</p> <p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Planificación da prevención na empresa.</p> <p>Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.</p> <p>Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.</p> <p>Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.</p> <p>Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.</p> <p>Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.</p> <p>Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.</p>

4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Modalidades organizativas de prevención. - Clasificación dos xeitos de organización da prevención na empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación dos distintos xeitos de organizar a prevención na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de casos prácticos sobre as modalidades de organización da prevención na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e supostos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Organización da prevención na empresa. PE.2 - Formas de representación dos traballadores. PE.3 - Organismos públicos relacionados coa PRL. 	4,0
Plan de emerxencia e evacuación. - Elaboración dun plan de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual do contido dun Plan de Prevención e as normas de elaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información sobre a presentación e análise das vantaxes e desvantaxes dun Plan de prevención. Elaboración dun plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade. Individualmente, cada alumno elaborará un informe sobre o plan de emerxencia e evacuación. 	<ul style="list-style-type: none"> Síntese do tema e proxecto desenvolvido e entregado en prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. Textos legais. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Plan de emerxencia e evacuación dun centro de traballo. PE.4 - Prevención integrada. PE.5 - Esquema do contido do plan. TO.1 - Actitude ante a importancia do plan preventivo. 	12,0
Técnicas Primeiros auxilios. - Identificación de técnicas básicas de primeiros auxilios e de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual das técnicas de primeiros auxilios e clasificación de feridos. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información da presentación e elaboración de esquema do protocolo de actuación según o Soporte Vital Básico. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema do protocolo según o SVB. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Técnicas de clasificación de feridos. PE.7 - Técnicas de primeiros auxilios. TO.2 - Protocolos nunha situación de emerxencia. 	8,0
TOTAL						24,0



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O profesor dará ao alumnado, no comezo do curso, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos exigibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Para aprobar o módulo, o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes mínimos exigibles, sinalados no apartado 4 c) desta programación:

- Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
- Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
- Apreciar a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
- Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
- Valorar as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
- Analizar os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
- Asumir a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- Determinar as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Clasificar e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Levar a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
- Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Valorar a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
- Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.



- Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
- Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en instalacións eléctricas e automáticas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
- Adoptar responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.
- Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Valorar as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Analizar o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
- Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Identificar os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- Delimitar o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.
- Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- Determinar as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- Tomar conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
- Valorar as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
- Valorar o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
- Deseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Determinar as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.



- Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
- Prever as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a valoración do módulo de FOL terase en conta:

- Exames.- Realizarase un exame cada avaliación puntuado entre 0 e 10. A puntuación total deste apartado corresponderá ó 80% da nota final.
- Traballos de aula: Os alumn@s terán que realizar certas actividades, casos prácticos, búsqueda de información... que o profesor lles encargue en cada unha das unidades didácticas. Estes traballos puntuarán un 10% da nota final de cada trimestre.
- Participación activa na aula: Terase en conta o traballo diario na aula por parte de cada estudante, a súa implicación e motivación. A puntuación total deste apartado corresponderá ó 10% da nota final.

Para superar o módulo de FOL é necesario obter un 5 como mínimo en cada unha das partes especificadas anteriormente (exames, traballos e participación activa na aula)

A cualificación que reciban os alumnos no boletín de avaliación non terá que corresponderse necesariamente cos resultados das posibles probas obxectivas, xa que será o conxunto deste resultado, dos traballos individuais e/ou de grupo, da participación do alumnado, da súa actitude fronte a materia, etc. Polo tanto unha cousa é a puntuación obtida nas probas de coñecementos e outra, a nota de avaliación do módulo, que é a que se ten en conta para determinar se o alumno superou satisfactoriamente o módulo de FOL

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

É obrigatorio ter superadas, cunha nota de mínima de 5, todas as avaliacións do módulo de FOL para ser declarado aprobado. Será necesario que o alumno/a entregue antes da proba final, as actividades/traballos relacionadas coa avaliación.

O alumnado terá dereito a unha proba de recuperación final no mes de xuño no caso de ter algunha avaliación suspensa ao longo do curso. Esta proba combinará parte teórica e práctica e a nota mínima para ser declarado apto, é de cinco (5).

Cada avaliación recupérase independentemente, é dicir, o alumnado deberá facer un exame por cada avaliación que deba recuperar. Este exame poderá incluír contidos traballados tanto nos temas como nas tarefas das correspondentes avaliacións. É necesario obter una puntuación igual ou superior a 5 para recuperar cada avaliación e facer a media para o cálculo da nota final.

MÓDULOS PENDENTES

O alumnado co módulo pendente do primeiro curso e que houbesen pasado a segundo curso, así como os pendentes deste módulo para a finalización do Ciclo Formativo, deberán superar os exámes establecidos ao efecto nas datas indicadas polo Departamento.

Co obxecto de facilitar o acceso ao aprendizaxe do alumnado e atendendo a súa traxectoria educativa, se lle poderá posibilitar un plan personalizado de actividades de recuperación.

Os exámes ou as probas a realizar para a superación da materia, versarán sobre os contidos mínimos establecidos na programación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso de perda da avaliación continua por faltas de asistencia (en relación co RRI do CIFP e en relación á carga horario deste módulo enténdese que a perda do dereito á avaliación continua chega ao superar o 10% do total de horas da materia) o sistema de avaliación deste alumnado será o aplicado co resto do alumnos durante todo o curso, pero coas seguintes peculiaridades:

- Realizarase unha proba escrita ao final do curso de contido teórico-práctico cun peso do 100% na nota final.
- Este exame poderá incluír contidos traballados tanto nos temas como nas tarefas das correspondentes avaliacións.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase a título individual semanalmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotiá das clases. Mensualmente comprobarase se se cumpren os prazos establecidos. De non ser así, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Esta situación sinalarase nas reunións do departamento de FOL, de modo que estas modificacións aparezan reflectidas nas correspondentes actas do departamento.

Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos.

A práctica docente avaliarase a través dun cuestionario que cumprimentarán os alumnos e alumnas, de forma anónima, ao finalizar o curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora facilitará ao alumnado un cuestionario sobre aspectos xerais relacionados co módulo.

Trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar. As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado. Por isto, concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Co obxectivo de conseguilo, as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como ao fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborárase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso. No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto aos ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente. As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se poidan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra ao alumnado con dificultades, nas horas de tutoría, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, exercicios...etc) eminentemente de carácter práctico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas. Trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula. Así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, a educación moral e cívica, a educación para o consumidor, a educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula.

En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenrolo profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.

- Educación multicultural: A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas,

institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

- Educación do consumidor: O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade: Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e trascendencia que este asunto ten no mundo da empresa. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O noso alumnado participará nas seguintes actividades: en actividades complementarias e extraescolares xerais organizadas polo centro e específicas do departamento de FOL.

- Seminario sobre técnicas de Primeros auxilios e actuacións en caso de emerxencia impartido por Cruz Vermella.
- Charla de Hixiene postural aplicada ao posto de traballo impartida por un fisioterapeuta.
- Cantas charlas, visitas e actividades complementarias acorde como de utilidade o departamento, co consentimento da directiva do centro.
- Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación cos restantes departamentos.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación ao alumnado

O alumnado é informado do contido desta programación ao inicio do curso, e indícaselle que queda a súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.

10.2) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN CONFINAMIENTO ACORDADO POLAS AUTORIDADES COMPETENTES:

No caso de que por causa do coronavirus ou outros motivos houbera que optar por unha modalidade completamente a distancia, isto é, sen que poidan impartirse as tutorías presenciais colectivas, intentarase que o alumnado poida seguir o ritmo normal desas tutorías a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU). Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de tutorías individualizadas.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN ENSINO A DISTANCIA:

No caso de que por causa do coronavirus houbera que optar por unha modalidade completamente a distancia, seguiranse as indicacións que marque a administración educativa. En todo caso, intentarase que o alumnado que se vexa afectado por esa medida poida seguir o ritmo normal das clases, que serían impartidas igualmente a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU) e a través da aula virtual do centro, tanto para contidos, como para a realización e corrección de tarefas. Tamén utilizarase o correo electrónico como canle de comunicación co alumnado. Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de titorías individualizadas a distancia.

No caso do alumnado que presente problemas de conexión que lle impida seguir o desenvolvemento normal das clases, este deberá comunicalo de inmediato ao seu profesor para que se poidan tomar as medidas oportunas e buscar canles alternativos que permitan a continuación da súa aprendizaxe.

En todo caso, fomentárase o traballo autónomo do alumnado a través da aula virtual, que se convertirá na canle de comunicación habitual entre o alumnado e o profesor.

METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ NO SUPOSTO DUN ENSINO SEMIPRESENCIAL:

No caso de que por causa do coronavirus houbera que optar por unha modalidade semipresencial, seguiranse as indicacións que marque a administración educativa. En todo caso, intentarase que o alumnado que se vexa afectado por esa medida poida seguir o ritmo normal das clases a través da cámara instalada na aula e ademais, poderían ser impartidas igualmente a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación (WEBEX ou FALEMOS EDU) e tamén utilizarase, como na modalidade presencial, a aula virtual do centro. Da mesma forma, prestaríase unha especial atención a aqueles alumnos con maiores problemas de aprendizaxe, facendo con eles un seguimento específico a través de titorías individualizadas.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS:

1ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 1 a 5.

2ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 5 a 9.

3ª AVALIACIÓN: Unidades didácticas 10 a 12.